Manual de uso para o profesorado

Ellas escriben. Unidade 2: El Romanticismo.

Unha proposta didáctica para visibilizar ás literatas en lingua castelá

Soraya Cortiñas Ansoar

Ana Rodríguez Pérez

Materia: Lingua castelá e literatura

Ámbito lingüístico

Nivel: 4º ESO

Neste documento pretendemos describir visualmente mediante capturas de pantalla en que consiste a UD2 *Ellas escriben: El Romanticismo*. Para elo faremos un percorrido por todo o seu contido indicando en cada momento como aparecen as diferentes interfaces e que finalidade ten cada unha das partes.

PRESENTACIÓN DO PROBLEMA E DO MISTERIO QUE HAI QUE RESOLVER

Ao inicio do material, proponse, a modo de contexto de historia e co obxectivo de ludificar o material, un feito que, sen ser real, sen dúbida lles resultará familiar aos estudantes: as mulleres desapareceron da historia e a empresa Litegram precisa a axuda dos discentes para solucionar o problema e recuperar os perfís desaparecidos das autoras:



Esta icona permítelle ao alumnado avanzar no material

Esta icona permite silenciar a música

Esta icona permite as opción de Compartir e de facela pantalla mais grande.



PRESENTACIÓN DO ÍNDICE DE CONTIDOS E PROBAS

A continuación, preséntanse 4 bloques de contido do material: contexto histórico, arte romántico e os contidos propios de dúas autoras do periodo.

O alumnado debe clicar aquí para avanzar

a) PROBAS: O CONTEXTO HISTÓRICO

Neste apartado preténdese que o alumnado coñeza o contexto histórico-político no que desenvolve a súa faceta literaria as misteriosas escritoras.

O alumnado debe clicar aquí (nas frechas) para avanzar

Ofrécese así un esquema no que se recolle a información principal e ideas máis básicas. Do mesmo xeito, o estudantado poderá (e deberá) ampliar a información presentada clicando na icona correspondente e despregarase unha fiestra emerxente.

O alumnado debe clicar aquí para obter máis información

O alumnado debe clicar aquí para obter máis información en distintos formatos, según lle sexa mais sinxelo:

- *Texto*
- *Enlace a Wikipedia*
- *Enlace a YouTube*

O alumnado debe clicar aquí para regresar o punto de xogo anterior

Posteriormente aparecerán as instrucións para comezar a primeira proba: un test de corrección automática no que os estudantes deberán recompilar toda a información que leron. Para seguir avanzando deberase clicar na resposta correcta.

De ser correcta o/a estudante poderá avanzar no xogo.



De non dar coa resposta axeitada, poderá intentar responder correctamente as veces que o precise.



Con esta mesma dinámica ofrécense tres preguntas. De chegar ao final, contestando todas as cuestións correctamente, os estudantes conseguirán a primeira cifra que lles permitirá descubrir a identidade e rostro das escritoras ocultas.



Volverase así ao esquema inicial para poder investigar a arte romántica.

b) PROBAS: A ARTE ROMÁNTICA

Coma co contexto histórico, os estudantes deberán realizar unha actividade sobre a arte do Romanticismo, co obxectivo de achegarse así ás características literarias dos textos da pluma feminina.

A actividade consiste nun exercicio de clasificación de distintas características que permiten facer un contraste entre as características da literatura romántica fronte as da Ilustración.



Rematada a actividade o alumno obterá a segunda cifra e volverase así ao esquema inicial para poder investigar a primeira autora romántica proposta.

c) PROBAS: A PRIMEIRA AUTORA: GERTRUDIS GÓMEZ DE AVELLANEDA

O alumado descubrirá a identidade da primeira autora romántica proposta, Gertrudis de Avellaneda.

Unha vez que o alumnado xa coñece a identidade da escritora misteriosa, deberá pesquisar sobre os aspectos da súa vida para poder entender mellor os textos. Así, primeiro viaxará no tempo ó lugar de nacemento da autora:



Aquí el alumnado deberá premer enriba das distintas ubicación resaltadas para pesquisar onde viaxou.

Ademais, entrevistarase cos veciños e testemuñas para acadar información:

Aquí o alumnado accederá a información sobre la autora en texto.

Aquí o alumnado accederá a información sobre la autora na Wikipedia.

Aquí o alumnado accederá a un vídeo con información sobre Avellaneda

Seguidamente, o alumando enfrontarase a unha proba tipo xogo do aforcado, na que debe premer as letras para atopar o nome da cidade onde naceu. Ó acertar a proba, abrirase a frecha para continuar.



Aquí están as letras que o estudante debe premer.

Aquí aparecerán pistas con cada erro para axudar a resolver.

Conseguida esta proba, o alumno debe atopar un libro da autora na biblioteca e premer sobre el para poder continuar.

Este é o libro que permite continuar premendo nel.

Unha vez atopado, ábrese unha serie de catro preguntas que teñen o mesmo funcionamento cas do contexto. A través delas trabállanse os textos de distinta modalidade, da nosa autora ou sobre ela. En cada pregunta, debe premerse a icona do texto para poder lelo e responder. Coma nos casos anteriores, se o alumnado responde mal, poderá intentalo as veces que o precise para dar coa resposta correcta e seguir avanzando.



Así, desvélase completamente a imaxe da autora:

E podemos acceder a cuarta e última parte do xogo:

d) PROBAS: A SEGUNDA AUTORA: CAROLINA CORONADO

A segunda autora é Carolina Coronado.



O alumnado tamén terán que adiviñar onde están e terán que preguntarlle a un veciño para que revele a información:

Unha vez lida e vista esta información, os alumnos deberán recordar en que ano naceu a nosa autora. Neste caso, se a resposta non é a correcta, na propia liña cronolóxica aparecen feitos de interese histórico cos que o alumnado debería estar familiarizado.

Seguidamente, o discente deberá buscar a icona do libro nunha particular biblioteca a escuras grazas a luz do seu móbil. Ó encontralo, debe premer nel.



Encontrado o libro, o alumnado terá que realizar o test de corrección automática sobre a obra da autora. Se todas as preguntas se responden correctamente, descubrirá a terceira cifra que permite desencriptar o perfil da escritora.

Unha vez resoltas todas as cuestións de corrección automática, aparecerán a última cifra e o retrato da nosa escritora.



SOLUCIÓN AO SCAPE ROOM

Unha vez resoltas as probas e conseguidas as catro cifras, accederemos ao *Scape Room*, que poderá ser resolto con estas mesmas cifras que foi conseguido o alumnado. O alumno só ten que premer enriba das cifras na mesma orde na que as conseguiu (4152).



Unha vez seleccionadas as cifras correctas, o perfil de Litegram quedará desencriptado e os estudantes poderán incluir a información necesaria para poder completar o perfil da escritora.

Unha vez aberto, aparecen as instrucións para realizar o perfil, a rúbrica coa que se vai valorar o exercicio e máis información sobre a autora, por se se precisa (ver folla de ruta da UNIDADE). Se se preme no perfil que aparece no teléfono, abrirase nunha nova fiestra un documento para crear o perfil da autora. O alumnado deberá engadir os datos que considere oportunos de acordo coa rúbrica que se facilita e enviarllo ao profesorado por correo electrónico para que o valore.



Como remate da actividade o alumado, se así o quere o docente, poderá escribir nun muro compartido de Padlet contestando a dúas cuestións. Facilítase tamén a rúbrica para que o profesorado poda valorar esta intervención.



DESPEDIDA

Finalmente preséntase a despedida do recurso e, como se observa, o “Ellas escriben” inicial convértese nun “Ellas están”, dándolle así a importancia que merecen as literatas silenciadas.

Agradecemos como autoras do recurso que se nos facilite *feedback* tras usar o material na aula para poder melloralo e aprender. Con esta finalidade creamos un cuestionario online que pode atoparse aquí.